

ACORDO O conselleiro de Cultura, Roberto Varela asegura que o Panteón de Galegos Ilustres reabrirá as súas portas ó público "antes do 25 de xullo"

"Obxectivo irrenunciabile"

A Xunta xestionará, dirixirá e manterá o monumento, mentres que a titularidade seguirá na Igrexa

maré • Santiago

O Panteón dos Galegos Ilustres reabrirá ao público "antes do 25 de xullo". Ese foi o anuncio realizado onte polo conselleiro de Cultura Roberto Varela, despois da reunión que mantivo co vicario xeral do Arcebispo de Santiago, Víctor Maroño, co que chegou a un acordo para asinar un convenio "en próximos días".

O Panteón de Galegos Ilustres permanecía pechado desde que a titularidade da igrexa de San Domingos de Bonaval pasou a ser do Arcebispo de Santiago, nunha sentenza que se executou a comezos deste mes. O peche era indefinido, á espera dunha solución que definise o acordo de apertura ao público dun monumento que acolle os restos de Rosalía de Castro, Alfredo Brañas, Francisco Asorey, Ramón Cabanillas, Domingo Fontán e Alfonso Daniel Rodríguez Castelao.

A semana pasada, nunha comparecencia no Parlamento sobre unha pregunta da deputada nacionalista Ana Pontón, Roberto Varela apuntou que estaba a piques de se pechar un acordo co Arcebispo de Santiago para reabrir o mausoleo, en virtude dun convenio polo que a Consellería de Cultura asumirá a "xestión, dirección e mantemento do Panteón, unha actuación que se considera fundamental e prioritaria".

Varela expresou onte a súa "satisfacción" por cumprir o seu compromiso de abrir o Panteón "dentro do ano Xacobeo". O réxime de aperturas regularase mediante un convenio entre as partes que se asinará nos próximos días. Na reunión tamén estiveron presentes o secretario xeral da Consellería de Cultura e Turismo; Antonio Fernández-Campa; e o director xeral de Patrimonio Cultural, José Manuel Rey Pichel.

O conselleiro de Cultura dixo que para a Xunta "era un obxectivo irrenunciabile garantir esta apertura do Panteón e a posibilidade do seu uso en condicións de normalidade para todos os galegos". O titular de Cultura lembrou a importancia "da accesibilidade a un patrimonio tan fundamental para Galicia e os galegos, como é o Panteón de Galegos Ilustres".

"Símbolo vivente da cultura da nosa terra"

Nese sentido, o conselleiro recordou a "enorme importancia do Panteón para Galicia" e avogou por unha "configuración do monumento co-



Roberto Varela, pola esquerda, onte na reunión co vigairo xeral do Arcebispo de Santiago, Víctor Maroño

CORTEXO CÍVICO POR ROSALÍA

Os escritores pedirán o 15 de xullo que se garanta o acceso ó recinto

A Asociación de Escritores en Lingua Galega anunciou a semana pasada que pedirá a apertura do Panteón dos Galegos Ilustres no cortexo cívico e reivindicativo en lembranza do traslado dos restos mortais de Rosalía de Castro a este mausoleo, previsto para o vindeiro 15 de xullo.

O colectivo de escritores galegos pedirá nese acto que se garanta o acceso ao Panteón dos Galegos Ilustres, ademais de lembrar o traslado da autora ó recinto que tivo lugar o 25 de maio de 1891. O acto –que conta co apoio e a colaboración de 160 entidades e asociacións culturais como O Galo, Medulio, Auriense, Maio Longo, Solla e a Asociación Cultural de Meira, mais fundacións como Manuel María e Bautista Álvarez– consistirá nun percorrido no tren identificado como Follas Novas dende a estación da Matanza, a carón da casa de Rosalía, o 15 de xullo ás 1745 horas para facer o traxecto Padrón-Santiago.

Unha hora antes, ás 1645, haberá unha concentración na co-

lexiata de Santa María de Iria, no cemiterio de Adina, onde o presidente da AELG, Cesáreo Sánchez, informará do sentido dos actos, á vez que se lerá un poema de Rosalía de Castro.

Dende a estación de Compostela partirá unha comitiva en compañía da Banda Municipal de Música de Santiago cara a Praza do Toural, primeira parada da comitiva, onde haberá unha lectura de tres poemas de Cantares Gallegos (*A gaita galega*, *Coste-las de Castilla* e *Eu canto, canto, canto*), para continuar pola Praza da Universidade e pola Praza de Cervantes, onde se lerán poemas de Rosalía.

Finalmente, en San Domingos de Bonaval, celebrarase unha audición do *Arsachus*, de Massenet, e unha lectura de poemas de *Follas Novas*, intercalando actuacións de diversos grupos musicais e artistas, para rematar coa lectura dun comunicado reivindicativo da figura de Rosalía de Castro, cando se cumpren 125 anos da súa morte, e para que se garanta o acceso ao Panteón dos Galegos Ilustres

mo un espazo de encontro para os galegos e un símbolo vivente da cultura da nosa terra". O conselleiro asegurou que neste espazo emblemático, "o pobo galego pode atopar algunhas das pegadas máis firmes e fondas da súa identidade", xa que alí repousan "seis grandes persoas sen os cales sería imposible concibir a cultura galega tal e como é na actualidade".

O peche do Panteón de Galegos Ilustres foi o resultado dun longo proceso xudicial. No ano 2006, o Tribunal Supremo ditou sentenza a favor da titularidade do Arcebispo de Santiago, unha sentenza que se executou no 2010.

O acordo chega tamén despois de que o voceiro nacional do BNG, Guillermo Vázquez, lle esixise á Xunta que adoptase medidas para que o Panteón de Galegos Ilustres "volva ser aberto ao público". Nun acto que congregou un cento de persoas ás portas da igrexa de Santo Domingo de Bonaval, en Santiago, o líder do BNG criticou o presidente do Goberno autonómico "por non mover un dedo para liberar a Castelao e Rosalía" e propuxo unha "compra ou expropiación" da capela se a Igrexa se nega a negociar a xestión pública do inmovible. "Rosalía e Daniel están secuestrados, vedados ao público", dixo Guillermo Vázquez. ■